

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAL- ALAR GALICIA, PARA A POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO PILOTO DO PROXECTO FÉNIX, DE MEDIDAS DE INTERVENCIÓN INTEGRAL CON MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ENMARCADO NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

O artigo 34 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle “a Xunta de Galicia..., facilitaralle a aqueles agresores que o soliciten, a incorporación a programas específicos de reeducación. Para iso poderán subscribirse convenios de colaboración con outras administracións públicas e organismos competentes, con capacidade e experiencia na materia”

Ademais, o artigo 6 da mesma Lei 11/2007, establece que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e



en concreto medidas tales como a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero aplique perspectiva de xénero.

así como o Impulso coas Comunidades Autónomas competentes na materia, na asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

A medida 222 do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recolle a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero aplique perspectiva de xénero.

Ademais, a medida 190 do mencionado Pacto de Estado recolle a necesidade de i Impulsar coas Comunidades Autónomas competentes na materia, a asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

(2) Antecedentes:

A Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850, que desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión, recollendo no artigo 2 dos seus estatutos como unha das finalidades da Asociación, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral da persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre eles, poboación menor de idade, traballando en rede con institución públicas como a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo, a Fiscalía de Menores de Lugo e os Centros de Educación Secundaria e organizacións sociais de carácter privado como Cáritas, Cruz Vermella, etc. Esta asociación ideou o PROXECTO FÉNIX, de intervención con menores agresores de violencia de xénero, sendo o único programa destas características existente en Galicia

Pola tanto, e dando cumprimento ás medidas 190 e 222 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, pola súa experiencia no traballo con menores e pola especialización das e dos profesionais coas/os que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia reúne as condicións



para o desenvolvemento dun Programa de intervención integral con menores agresores de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

(3) Finalidade:

Para os efectos sinalados, con data 21 de outubro de 2019 formalizouse coa Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

(4) O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría xeral da Igualdade, e a entidade Alar-Galicia para a posta en marcha e desenvolvemento piloto do Proxecto Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

A entidade Alar-Galicia comprométese a desenvolver un programa integral con menores agresores de violencia de xénero, preferentemente cos derivados da Fiscalía correspondente, nas condicións establecidas no presente convenio de colaboración, en concreto a levar a cabo as seguintes actuacións:

. Fase de pre-intervención: Dirixida a avaliar e programar as necesidades concretas do menor derivado

. Fase de implementación e intervención terapéutica: Dirixida ao desenvolvemento de sesións individuais combinadas coa formación de grupos de intervención e aplicando dinámicas combinadas.

. Fase de seguimento: Realizáase un control periódico sobre os comportamentos previamente adquiridos e avaliando a súa implementación e idoneidade

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de



xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración con ALAR. Estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia; O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Alar Galicia, para a posta en marcha e desenvolvemento piloto do Proxecto Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de Xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero

Estímase xustificada, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ALAR, para a posta en marcha e desenvolvemento piloto do PROXECTO FÉNIX, de medidas de intervención integral con menores agresores de violencia de xénero, enmarcado no pacto de estado contra a violencia de xénero

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar aos menores agresores de violencia de xénero, unha atención integral e especializada que poida contribuír á prevención de futuros casos de violencia.

O carácter singular do presente Convenio ven determinado por razóns de interese público, e cómpre sinalar que, segundo un estudo realizado a nivel mundial polas Nacións Unidas e publicado no ano 2010, o 80% das mulleres con discapacidade viven violencia e o risco dunha situación de abusos sexuais é catro veces maior que o da poboación xeral, o que fai evidente o interese social e humanitario de calquera acción que se dirixa a previr e detectar estes casos e a apoiar ás súas vítimas, e leva á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a establecer a presente colaboración.

(6) Aplicacións orzamentarias:



05.11.313D.480.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamento xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, correspondentes á CCAA de Galicia

Contía total: 25.000,00 (vinte e cinco mil euros)

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

